

## NOTA DE PRENSA 010/23

12 DE ABRIL DE 2023

**OS DOUS EQUIPOS BECADOS POLA FGA NO GALEGO DE RALLYES  
AFRONTAN O RALLYE BERBERECHO DE NOIA**

Despois dun excelente debut na primeira cita puntuable para o Campionato Galego de Rallyes, os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo, compostos por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez, e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, afrontan a segunda parada do seu proxecto deportivo de 2023, o Rallye Berberecho de Noia.

Alexis Vieitez e Cristian Álvarez, despois dun debut que rematou cun podio na Gara N5, afrontan a proba cheos de ilusión e á búsqueda dun novo resultado positivo aos mandos do Nissan Micra N5 do preparador RMC.

**Alexis Vieitez:** “Chegamos moi contentos e animados a Noia. Penso que fixemos unha boa proba en A Coruña cunha boa progresión e observamos que estamos en tempos. O obxectivo é o mesmo que na primeira proba, facer quilómetros e rematar a proba para acadar máis experiencia con este tipo de vehículos”.

**Cristian Álvarez:** “Cumprimos o noso obxectivo en A Coruña e imos a Noia con moi boas sensacións. A idea é o mesmo que apuntou Alexis, temos que acadar máis experiencia e non perder a cabeza cos tempos”.

**Marcos Maceiras:** “Queremos repetir o plantexamento de A Coruña, de menos a máis. Pensabamos que o rallye sería en seco, pero vai chover, entón teremos que ir aprendendo durante a fin de semana e adaptándonos ao Nissan Micra N5”.

**Sergio Iglesias:** “Temos que seguir adaptándonos ao coche porque a previsión meteorolóxica non é boa. Temos que tomar o rallye con calma. Os treitos son preciosos e queremos completalo disfrutando do Nissan Micra N5”.

## **Programa Horario do Rallye Berberecho de Noia:**

### **Venres, 14 de abril**

TC1 – Autos Patiño // 19:20 horas

TC2 – Transportes El Jaime // 20:00 horas

### **Sábado, 15 de abril**

TC3 – Vruma Kayaks // 08:55 horas

TC4 – Caeiro Metal // 09:25 horas

TC5 – Vruma Kayaks // 12:10 horas

TC6 – Caeiro Metal // 12:40 horas

TC7 – Pavimento Noia // 16:30 horas

TC8 – Excavaciones M.Rodríguez // 16:50 horas

TC9 -- Pavimento Noia // 19:00 horas

TC10 – Excavaciones M.Rodríguez // 19:20 horas

Entrada parque pechado final do Rally // 19:45 horas